



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do *Manual de Dereito Constitucional*, de Xosé Antón Sarmiento e Patricia Murias

Parlamento de Galicia, 22 de setembro de 2010, 12,00 h

Señores deputados,
Señoras e Señores:

Nalgunha ocasión discútese sobre a oportunidade, ou non, de que o Parlamento, ademais da súa función primixenia como Cámara lexislativa e como órgano de control e impulso da acción do Goberno, actúe tamén como contedor de diferentes iniciativas que nos permitan abrir a institución á sociedade.

A miña aspiración, xa digo, é que todos os días sexan de portas abertas nesa casa, polo que me gustaría que o Pazo do Hórreo se consolide como un cento de actividades culturais ou académicas, loxicamente, de interese parlamentario.

E creo, francamente, que actos como este que nos convoca se axustan acaidamente a ese perfil. Quero recordar aquí que vimos de asinar coas tres universidades públicas galegas un protocolo xeral de colaboración que estamos a desenvolver para, desde a Cámara, impulsar e financiar bolsas de estudo, actividades docentes e formación práctica nos ámbitos relacionados coa realidade parlamentaria.

Para o Parlamento de Galicia resulta, pois, unha honra acoller hoxe a presentación deste *Manual de Dereito Constitucional*,

do que é coautor Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado oficial maior desta Cámara e profesor da Universidade de Vigo.

Se ben non me corresponde entrar en consideracións de tipo académico ou xurídico, dado que xa o teñen feito voces moito máis autorizadas que a de quen lles fala, sí creo de xustiza destacar que estamos ante o primeiro *Manual de Dereito Constitucional* axustado aos requerimentos do Plan Bolonia, chamado a cambiar, creo que para ben, a concepción tradicional do ensino universitario.

O enfoque pedagóxico proporcionado por Patricia Murias Gil, coautora da obra, incrementa o interese deste volume, non só como manual de cabeceira para os estudantes de Dereito, senón tamén para os de outras disciplinas nas que se imparte esta materia, como Ciencias Políticas e da Administración, Taballo Social ou Xornalismo, entre outros.

Maila ser concibida como unha obra orientada, basicamente ao público universitario, estamos ante un volume de, polo menos, lectura recomendada para o gran público, na medida en que un mellor coñecemento da Constitución –esa gran descoñecida para moitos, todo hai que dicilo- implicaría maiores garantías de convivencia democrática, unha aspiración que todos estamos obrigados a alimentar cada día.

A Constitución española de 1978 estableu un marco de convivencia con espazo para todos, e para todas as sensibilidades. Atopar ese espazo é, en moitas ocasións, unha cuestión tamén de boa vontade.

Animo, polo tanto, aos interesados en afondar no coñecemento da Carta Magna á lectura deste libro e felicito aos seus autores polo esforzo que dedicaron a transmitir os seus coñecementos. E parabéns, ao mesmo tempo, á Universidade de Vigo, por asumir a edición desta obra pioneira no conxunto das universidades galegas.

A todos, moitas gracias pola súa asistencia.

